

PROBA DE ACCESO AO PRIMEIRO CURSO
DE GRAO PROFESIONAL NO CMUS
PROFESIONAL DE MÚSICA DE TUI



CRITERIOS DE AVALIACIÓN: PROBAS
TEÓRICO-PRÁCTICAS DE LINGUAXE
MUSICAL



1. Criterios de Avaliación da Proba común: Departamento de Linguaxe Musical

Os criterios para a avaliación da proba de Linguaxe musical aparecen recollidos no cadro seguinte coa porcentaxe de avaliación correspondente a cada un deles.

Os criterios de avaliación puntuaranse de 1 a 4 e aplicaranse as porcentaxes a continuación detalladas.

Táboa de valores:

| BLOQUES | Criterios de avaliación | Porcentaxe |
|--------------------------|--|------------|
| LECTURA RÍTMICA | a) Manter o pulso correctamente ao longo da lectura proposta, respectando as equivalencias e cambios de compás | 10% |
| | b) Levar a cabo con corrección estruturas rítmicas propias das Ensinanzas Elementais | 15% |
| | c) Manter fidelidade ao texto durante a lectura proposta | 5% |
| | d) Levar a cabo con seguridade na medida e no tempo a lectura relativa proposta | 10% |
| ENTONACION | a) Entoar a melodía proposta con corrección rítmica e tempo adecuado | 5% |
| | b) Entoar con correcta afinación a melodía proposta | 10% |
| | c) Entoar con expresividade, empregando os matices indicados e cunha calidade vocal axeitada a melodía indicada. | 5% |
| AUDICIÓN | a) Realizar o ditado na tonalidade e modalidade orixinal | 4% |
| | b) Escribir o ditado no compás indicado, utilizando a figuración adecuada a dita subdivisión | 8% |
| | c) Transcribir ao ditado a melodía proposta, recoñecendo as relacións interválicas ente os sons e respectando a dirección da liña melódica | 8% |
| CONTIDOS TEÓRICOS | a) Realizar exercicios relativos ás armaduras e tonalidades propostos na proba escrita | 5% |
| | b) Realizar exercicios de intervalos coa súa correspondente inversión propostas na proba escrita | 5% |



Conservatorio Profesional de Música de Tui
Avenida da Concordia S/N Tui
Tlfs: 986604404 - 986601474
cmus.profesional.tui@edu.xunta.es



| | | |
|--|--|----|
| | c) Realizar exercicios de acordes tríadas e cuatrías de septima Dominante propostos na proba escrita | 5% |
| | d) Realizar adecuadamente os exercicios sobre escalas maiores e menores propostos na proba escrita | 5% |